

DEBATIMOS

Refo 2

ENLACE A VÍDEO



3 comentarios:



Alicia Nimo 05:33 do 11 de maio de 2017

Ola,
só como apunte ao debate. Nós estamos dacordo con vós, pero apunta Amalia, que probablemente os do pobo de El toro de la Vega pensarán que nós somos os que temos os malos valores. Polo que... deberíamos respetar a súa opinión? Aquí estamos dividid@s. Algúns opinan que non deberiamos respetala, outros pensan que aínda que nos parece horrible, temos que respetar a súa opinión. Nesta opción tamén saíu que nós tamén matamos animais para comelos... Pero,Iker e Álex apuntan que non é por diversión, que é para comer, senón tamén morreriamos nós. Entón... A mesma acción é boa ou mala dependendo do fin? Outra diferenca a ter en conta sería o sufrimento na morte?

Que difícil! Un abrazo
As nenas e nenos de Santa Comba

[Responder](#)



maiuca 07:00 do 11 de maio de 2017

Ola,
A maioría opinan que si matamos para comer é bo porque o necesitamos.por tanto pensamos que non seamos respetar a súa opinión.
Pensamos que temos que convencer aos que viven en la Vega para que non maten os touros preo non sabemos como facelo. Temos que intentar que teñan o mesmo valor do respeto aos animais que tmos nos.

Biquiños e unha aperta!
Nenas e nenos de Noia

[Responder](#)



Pepe Cabido 15:49 do 5 de xuño de 2017

Imos inventar un nome para todas e todos vos: sodes uns maiéuticos e maiéuticas!!!!
Parabéns!

[Responder](#)




Investigamos sobre Sócrates

Investigamos sobre Sócrates e descubrimos que morreu envenenado con cicuta, castigado polos seus pensamentos. Impactounos moito.

Tamén descubrimos que é defensor do “universalismo ético”, e que se enfrenta aos sofistas, defensores do “relativismo ético”.

Sobre a vida de Sócrates elaboramos unha presentación, e situamos a época na que viviu nunha liña do tempo na que tamén nos situamos nós.



SÓCRATES

Ceip Felipe de Castro



[ENLACE A VÍDEO](#)



RETO 3

Relación entre ética e política

CÓDIGOS POLÍTICOS: Declaración dos Dereitos Humanos,
Constitución e Estatuto de Autonomía
POR QUE FOI PRECISO CREALOS?






ENLACE A VÍDEO



Ética e política

Comezamos evocando o que sabemos da política polo que escoitamos na nosa casa, na radio, a televisión, etc... Nesa conversa chegan á conclusión de que a ética e a política veñen sendo o mesmo, pero asociadas a primeira a un ámbito máis individual e a segunda a un máis social.

No vídeo de secundaria fálannos de normas e códigos e comezamos a pensar onde podemos atopalas. As primeiras son as da aula, as da biblioteca ou as de outros establecementos públicos que frecuentan. Logo pensamos sobre que a nosa aula forma parte do centro. Os directores falannos do NOF.



CÓDIGOS: Estatuto de Autonomía, Constitución e Declaración dos Dereitos Humanos

Neste contexto seguimos ampliando o ámbito e buscamos na rede se existen normas para Galicia e atopamos o Estatuto de Autonomía.

Nunha ampliación maior chegamos á Constitución e á Declaración de Dereitos Humanos.

Tres códigos que leeremos na aula.





Por que foi necesario establecer eses códigos? Falamos da ditadura

Ante a necesidade de reflexionar porque sería necesario establecer eses códigos de acordo duns dereitos básicos, comezamos a falar de que pasaría antes e chegamos á guerra civil española e á ditadura. As nenas e nenos preguntan nas casas e na aldea e traen distintos testimonios á aula que compartimos e sobre os que reflexionamos.

Ademais situamos distintas datas nunha liña do tempo, para plasmar dun xeito máis asumible as épocas escuras e a barreira que establece a creación destes códigos.

